

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, I: Inglés-Español				
Materia	Tradución idioma 2, I: Inglés-Español			
Código	V01G230V01410			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Lorenzo García, María Lourdes			
Profesorado	Lorenzo García, María Lourdes			
Correo-e	llorenzo@uvigo.es			
Web	http://			
Descrición xeral	Esta materia ten como destinatarios a aqueles estudantes que teñen como primeira lingua estranxeira o francés. É a primeira dun conxunto de 3 materias con estas combinacións e nela iniciarase ao alumnado na tradución de textos xerais do inglés para o español, facendo fincapé nos aspectos lingüístico-contrastivos e culturais subxacentes ás dúas linguas obxecto de estudo. Os textos que se traballarán pertencen a distintas tipoloxías (artigos de xornal, fragmentos de guións de películas, cancións, literatura...) sen grandes problemas terminolóxicos e sen entrar en campos de especialización. Pode tratarse de textos reais ou de tarefas creadas ad hoc para estudar determinados puntos de interese.			

Competencias	
Código	
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
C13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
C14	Dominio de ferramentas informáticas
C17	Capacidade de tomar decisións
C28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
D1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D5	Coñecementos de informática aplicada
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Toma de decisións
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D12	Traballo en equipo
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Comprensión doutras culturas e costumes
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Competencias metodolóxicas: desenvolver as habilidades de crítica e autocrítica de traducións; identificar e explotar a potencialidade dos repertorios das culturas orixinal e termo.	C3 C8 C13 C14 C17	D1 D5 D7 D15 D16 D22
Competencias contrastivas: dominar as diferenzas das convencións de escritura ortotipográfica e estilística das dúas linguas e culturas; dominar os elementos de interferencia léxica; capacidade para dominar os elementos de discrepancia morfosintáctica; dominar as diferenzas dos mecanismos de coherencia e cohesión e de construción textual das dúas linguas; coñecer as diverxencias e coincidencias das culturas.	C2 C4	
Competencias textuais: desenvolver a capacidade para traducir textos informativos breves e textos exhortativos (p. ex., textos instrutivos).	C8 C17	D2 D7 D17
Competencias profesionais: coñecer o mercado da tradución para a combinación lingüística inglés-español; desenvolver un autoconcepto de tradutor/a profesional e da súa autoestima; desenvolver a capacidade de tomar decisións; fomentar a habilidade para traballar coas ferramentas para a tradución; desenvolver a capacidade para localizar e superar as fallas tradutivas individuais.	C4 C9 C17 C28	D6 D7 D8 D12

Contidos

Tema	
1. Introdución e revisión de coñecementos previos sobre tradución: función, equivalencia, polisistemas, etc.	(*)
2. Fontes documentais para a combinación inglés / galego (I)	2.1. Fontes de documentación en formato papel, electrónicas, en rede e textos paralelos
3. O proceso tradutor: problemas e estratexias de tradución	3.1. Problemas lingüísticos 3.2. Problemas culturais 3.3. Problemas pragmáticos 3.4. Problemas derivados da natureza específica de cada texto 3.5. Estratexias de tradución
4. Contextos culturais (I): Irlanda e Reino Unido	4.1. Cultura irlandesa. 4.2. Culturas del Reino Unido.
5. Control de calidade (I)	5.1. Analise crítica e avaliación de traducións
IMPORTANTE: A materia esixe que o estudiante traballe pola súa conta os elementos de lingüística contrastiva inglés / español nos niveis ortotipográfico, léxico, morfosintáctico e estilístico.	(*)

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	12	29	41
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	15	45	60
Traballos de aula	12	0	12
Traballos tutelados	1.5	20	21.5
Presentacións/exposicións	3	3	6
Actividades introdutorias	1.5	0	1.5
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	3	5	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	As sesións maxistrais dedicaranse a explicar os contidos teóricos da materia, que axudarán a acometer daquela as tarefas prácticas. Preténdese que sexan sesións participativas e sempre contarán con numerosa exemplificación e soporte práctico.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Realizaranse exercicios de tradución que tentarán reproducir situacións reais e exercicios de resolución de problemas (dificultades de tradución). Despois da presentación da base conceptual e procedimental nas horas presenciais, farase o traballo previo de análise. Logo, o alumnado preparará as tarefas pola súa conta. Finalmente, farase unha posta en común e corrixiranse os traballos. Esta tarefa poderán realizala na aula ou en biblioteca, titorizados en tempo real a través de faitic pola profesora.

Traballos de aula	Consisten en exercicios que levan a cabo na clase. Poden consistir, por exemplo, en exercicios de resolución de problemas tradutivos ou de análise textual. Avaliaranse conxuntamente con estes exercicios e as prácticas autónomas a través de TIC.
Traballos tutelados	Inclúense aquí os dous traballos que o alumnado debe realizar obrigatoriamente para a avaliación continua (cada un computa un 20% da nota final). Nun caso, o traballo será fundamentalmente de investigación sobre algún aspecto da cultura ou da lingua orixe que poida presentar dificultades para a tradución. O outro consistirá nunha encomenda de tradución. En ambos os casos, o alumnado contará coa tutela da profesora. Durante o tempo de ensino presencial dedicado a este apartado, a docente explicará o procedemento e as normas de elaboración do traballo.
Presentacións/exposicións	O alumnado exporá o traballo de investigación realizado (vide. "traballos tutelados"); haberá quenda de preguntas e debate.
Actividades introdutorias	Actividades de presentación da materia. En especial, explicarase o sistema de avaliación, a bibliografía recomendada e de lectura obrigatoria. **O alumnado de intercambio deberá facer unha proba de nivel. Dependendo do resultado, recomendaráselles matricularse (ou non) na materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O alumnado contará co asesoramento da profesora (titorías presenciais, por correo electrónico e/ou skype) para estes traballos e para calquera dúbida, consulta, reforzo que necesite correspondente aos contidos deste curso.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Avaliarase a resolución dos problemas e exercicios desenvoltos de forma autónoma e expostos nas sesións presenciais.	10	C2 C3 C4 C8 C17	D6 D7 D22
Traballos de aula	Avaliaranse conxuntamente os exercicios que se desenvolverán na propia aula, as prácticas de laboratorio e as prácticas autónomas a través de TIC.	10	C2 C3 C4 C8 C17	D6 D7 D22
Traballos tutelados	Haberá un traballo de entrega obrigatoria para o alumnado que siga a avaliación continua. Consistirá nun encargo de tradución. O texto para traducir e as instrucións da encomenda entregaranse ao alumnado o último día de aulas do cuadrimestre. Disporase dun prazo dunha semana para entregar a tradución.	40	C2 C3 C4 C8 C17	D6 D7 D22
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Consistirá nun exame que incluirá como exercicio principal a tradución dun texto que abordará varios temas estudados ao longo do semestre (aprox. 200 palabras). Incluirá ademais un comentario de tradución ou preguntas sobre as estratexias tradutivas aplicadas no texto. As dúas probas avaliaranse conforme á seguinte proporción: 85% para o exercicio de tradución e 15% para o exercicio de comentario/preguntas. Como material de apoio para o exame poderase levar ordenador e todo tipo de obras de consulta. Os exercicios do exame realizaranse en papel. O exame terá lugar o último día de aulas.	40	C2 C3 C4 C8 C17	D6 D7 D22

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua:

A avaliación continua é a modalidade de ensino presencial para a materia. A condición para ser avaliada/o será a asistencia a un 80% das aulas. Levarase un control de asistencia mediante folla de sinatura. Se algunha persoa non pode cumprir nalgún momento esta condición, deberá comunicarllo á profesora argumentadamente e presentar os xustificantes correspondentes.

A opción pola avaliación continua implica a renuncia á avaliación única. A/o alumna/o deberá notificarllo á docente por escrito nas dúas primeiras semanas de clase. Se, por causa de forza maior (traballo, enfermidade...), a/o alumna/o non puidese seguir o sistema de avaliación continua a pesar de escoller esta opción, poderá acollerse á avaliación única.

Para poder ser avaliada/o, é obrigatorio ter aprobada cada unha das avaliacións das distintas metodoloxías.

O alumnado acollido ao sistema de avaliación continua que non supere a materia e teña que acudir á convocatoria de xullo debe superar un exame con todos os contidos da materia.

Ao longo de toda a avaliación penalizarase a copia e o plaxio.

Avaliación única:

O alumnado que non se acolla á modalidade de ensino presencial (avaliación continua) poderá acollerse á avaliación única. Neste caso, a avaliación realizarase por medio dunha única proba consistente nun exame que terá lugar o último día de aulas (coincidindo co de avaliación contínua) ou nunha data acordada co alumnado e anunciada debidamente en Faitic. De non superar a materia nesta primeira edición de actas, disporase dunha segunda oportunidade en xullo (2ª edición de actas). Neste caso, a proba terá lugar na data fixada pola Facultade.

O exame final incluirá cuestións teóricas e prácticas relativas ao total dos contidos abordados ao longo do semestre. A nota mínima que se require para superar esta proba é un 5 sobre 10. Como material de apoio para o exame poderase levar ordenador e todo tipo de obras de consulta. Os exercicios do exame realizaranse en papel. O exame constará dun exercicio de tradución de entre 200 e 250 palabras (85%), un comentario ou preguntas sobre as estratexias tradutivas aplicadas na tradución (10%) e unha pregunta de control de lectura (5%).

Penalizarase a copia e o plaxio.

Bibliografía. Fontes de información

DELISLE, J. / LEE-JAHNKE, H. / CORMIER, M., **Terminoloxía e traducción [Versión galega: A. Fernández Ocampo e A. Álvarez Lugrís]**, Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo,

HATIM, B.; MASON, I., **Discourse and the Translator**, London & New York: Longman,

LÓPEZ GUIX, J. G.; MINETT, J., **Manual de traducción inglés/español**, Barcelona: Gedisa,

NORD, Ch., **Text Analysis in Translation Theory. Methodology and Didactic Application of a Model for Translation Oriented Text Analysis. 2ª edición**, Amsterdam: Rodopi,

MARTÍNEZ DE SOUSA, J., **Ortografía y ortotipografía del español actual**, Gijón: Trea,

GOUADEC, D., **Translation as a Profession**, Amsterdam: John Benjamins,

MOSSOP, B., **Revising and editing for translators**, Machester ; Northampton: St. Jerome,

MARCH, K., **"Compromiso e ética da tradución"**, Boletín Galego de Literatura, 14, 7-46.,

NORD, CH., **Translating as a Purposeful Activity: Funcionalist Approaches Explained (Translation Theories Explored).**, Manchester: St. Jerome,

Na aula entregarase bibliografía complementaria.

Lecturas obrigatorias:

-Nord, Christiane. 1997. *Translating as a Purposeful Activity: Funcionalist Approaches Explained (Translation Theories Explored)*. Manchester: St. Jerome.

- 1 obra literaria proposta pola profesora nas primeiras sesións de clase.

Avaliación das lecturas obrigatorias:

Tanto o exame de avaliación continua como o de avaliación única poderá conter unha pregunta sobre as lecturas. No caso da obra literaria poderase escoller un fragmento para a súa tradución.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, II: Inglés-Español/V01G230V01507
Tradución idioma 2, III: Inglés-Español/V01G230V01610

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Idioma 2, IV: Inglés/V01G230V01405

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma 2, III: Inglés/V01G230V01305

Outros comentarios

Para poder cursar con aproveitamento esta materia é recomendable ter aprobado Idioma II,3 Inglés.
Para cursar as materias de Tradución Idioma 2 (1, 2 e 3) ingles-galego, o alumnado deberá:

- dominar as normas cultas das dúas linguas de traballo e demostrar corrección na expresión oral e escrita
- saber facer lectura comprensiva de textos na LO (sentidos literais e figurados, intencionalidades ocultas, manipulación ideolóxica, ironia, etc.)
- ter coñecementos de ofimática, comunicación electrónica e internet (procesador de textos, correo electrónico, navegadores, dicionarios e enciclopedias electrónicos, correctores ortográficos, etc.)
- saber facer un uso eficiente dos fondos das bibliotecas, para o que se recomenda a asistencia ós cursos de formación que se ofrecen tanto na Biblioteca Xeral como na biblioteca da propia facultade
*NON SE RECOMENDA QUE SE MATRICULEN NA MATERIA OS ALUMNOS DE INTERCAMBIO QUE NON SUPEREN A PROBA DE NIVEL INICIAL